

O Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do seu Portavoz Francisco Xesús Jorquera Caselas, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte **MOCIÓN sobre o anuncio de venda da planta de Alu Ibérica na Coruña.**

Exposición de motivos

Só oito meses despois de que se formalizase a venda das factorías de Alcoa na Coruña e Avilés a Parter Capital, o pasado 15 de abril fíxose público que o devandito fondo suizo vendeu unha participación do 75% ao Grupo Industrial Riesgo. Deste xeito, o Grupo Riesgo, a través do seu vehículo de investimento *System Capital Management SL (SCM)*, farase co control da actual Alu Ibérica.

Segundo a representación do cadro de persoal da factoría coruñesa, en nengún momento o Comité de Empresa foi informado nin se lle proporcionou documentación algunha da venda de Parter Capital ao Grupo Riesgo.

Cómpre lembrar que a venda das factoría de Alcoa a Parter Capital foi no seu momento tutelada polo Ministerio de Industria quen, co visto e prace da Xunta de Galiza, saudou a operación, destacando que cumpría "*co compromiso subscrito polo Goberno, administracións autonómicas, comités de empresa e a multinacional Alcoa para atopar unha solución integral e viábel aos case 700 postos de traballo que estaban en risco*".

- 7 MAYO 2020



Ás dúbidas sobre a solvencia e a praxe empresarial dos novos compradores súmase que Alcoa considera que esta operación é unha ruptura do acordo de xullo de 2019 e pode afectar ao cumprimento dos compromisos adquiridos pola multinacional norteamericana.

Ademais, que se produza esta revenda tan só 8 meses despois da adquisición por Parter Capital evidencia a falta de compromiso real do fondo suizo para levar a cabo o plan industrial comprometido (máxime cando ven de admitir que as negociacións co Grupo Riesgo se iniciaron en setembro de 2019) e pon en cuestión o papel desenvolvido tanto polo Ministerio de Industria como pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galiza para procurar unha solución que garanta a continuidade da actividade industrial e o mantemento do emprego.

Esta situación, unida á falta dunha solución definitiva que garanta a viabilidade das industrias electrointensivas, xera novas incertezas sobre o futuro dunha factoría da que dependen preto de 400 empregos directos.

Por todo o devandito o **Pleno do Concello** adopta os **seguientes:**

Acordos

- 1.- Demandar do Goberno Central e da Xunta de Galiza que se investigue a venda de Alu Ibérica e non se avale nengunha operación que non asegure a continuidade da actividade industrial e o mantemento do emprego.

- 2.- Demandar ao Goberno Central e á Xunta de Galiza que se estuden cantas alternativas sexan necesarias para asegurar a pervivencia dun sector industrial estratéxico, incluída a súa incorporación ao sector público.
- 3.- Instar o Goberno do Estado a articular unha solución definitiva para a industria electrointensiva, establecendo unha tarifa eléctrica estable e economicamente asumíbel que permita a competitividade industrial e o mantemento dos postos de traballo.
- 4.- Instar ao Goberno Local a dar traslado destes acordos á Xunta de Galiza e ao Goberno Central.

A Coruña, 7 de maio 2020



Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do Grupo Municipal do BNG

Á ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DA CORUÑA

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO – A CORUÑA

Praza de María Pita 1. 15001, A Coruña. – Rúa Damas 4, baixo. Cidade Vella, 15001, A Coruña
✉ bngacoruna@bng.gal – bng@coruna.es – bngacorunha@gmail.com ☎ 981 184 283 – 669 381 398
🌐 www.bng-coruna.org – Twitter @BNGACorunha – Facebook BngACorunha